CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

A nosa referencia: 2 – Secretaría
Expediente: 2026/G010/000020

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, o día 13-11-2026, ditou a resolución 888/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 202699900007444, o día 5 de novembro de 2026, escrito onde se indica que os asinantes (María Dolores Pan Lesta, Daniel Mallo Castro, Juan González Leirós, María del Carmen Pan Matos, Yolanda Díaz Baldomir, Óscar Barrientos Morales, Mónica Varela Germade, Diego Alcantarilla Rei, María Mercedes Prieto Lamas, Patricia Parcero Quiñoy, Ana Rodríguez López, Daniel Carballada Rodríguez, María Teresa Prieto Miramontes e Nieves Louro López), todos eles concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal, solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario coa inclusión na orde do día dos asuntos que especifica.

Visto o requirimento de emenda da solicitude, de data 12 de novembro de 2026, con núm. de rexistro de saída 202600000003561 que, entre outras cousas, di:

> «(...) Concédeselle un prazo de dous días para a emenda da solicitude presentada, de xeito que quede acreditada a autenticidade da expresión da vontade e consentimento expresada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación.»

Visto que con data 13 de novembro de 2026 rexistrouse de entrada ao núm. 202699900007793 contestación á emenda solicitada, onde se acredita a correcta sinatura electrónica da solicitude, por parte dos seguintes concelleiros e concelleiras: María Dolores Pan Lesta, Daniel Mallo Castro, Juan González Leirós, María Carmen Pan Matos, María Yolanda Díaz Baldomir, Óscar Tomás Barrientos Morales, Mónica Varela Germade, Diego Alcantarilla Rei, Patricia María Parcero Quiñoy, María Mercedes Prieto Lamas, Ana Rodríguez López e Daniel Carballada Rodríguez.

Visto canto antecede, de conformidade co establecido no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 94 do Regulamento orgánico municipal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 19 de novembro de 2026, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 09:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Intervención dos voceiros/as do Grupos Municipais para explicar a motivación que levou a pedir este pleno
2. Debate sobre o posicionamento do Concello de Cambre sobre a Vía Ártabra
3. Posicionamento da Corporación Municipal en torno ao acordo plenario aprobado por unanimidade o 20 de novembro de 2020

Segundo.- Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

Cambre, na data da sinatura dixital
A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO

CVD: WqLWIZEzj0Wsjze++jrb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/